

Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS 2017 CONCELLO DE LALÍN

PREÁMBULO.-

Segundo a Exposición de Motivos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través de subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas ou privadas.

Desde a perspectiva económica, as subvencións son unha modalidade importante de gasto público e, xa que logo, deben axustarse ás directrices da política orzamentaria, actualmente orientada polos criterios de estabilidade orzamentaria, sostenibilidade financeira e crecemento económico.

Desde esta perspectiva a Lei Xeral de Subvencións supón un paso máis no proceso de racionalización do noso sistema económico incardinándose no conxunto de medidas e reformas que se viñeron instrumentando con esta finalidade.

Un dos principios que rexen esta lei, recollido tamén na normativa de estabilidade orzamentaria, é o da transparencia. Con este obxecto as Administracións deberán facer públicas as subvencións que concedan, e, á vez, a lei establece a obriga de formar unha base de datos de ámbito nacional que conteña información relevante sobre todas as subvencións concedidas.

Esta maior transparencia redunda de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional.

Nesta liña de mellora da eficacia, a Lei 38/2003 establece, como elemento de xestión e instrumento de dita mellora, a necesidade de elaborar en cada Administración Pública un Plan Estratéxico de Subvencións (en diante PES), que permita relacionar os obxectivos a alcanzar e os efectos que se pretenden conseguir, cos custos previstos e o seu financiamento, con obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante as subvencións, cos recursos dispoñibles, e todo iso con carácter previo á concesión.

Ademais, a lei suscita un sistema de seguimento a través do control e avaliación de



Secretaría Xeral

obxectivos, que debe permitir que aquelas liñas de subvencións que non alcancen o nivel de consecución de obxectivos desexado ou que resulte adecuado ao nivel de recursos investidos, poidan ser modificadas ou substituídas por outras máis eficaces e eficientes, ou, no seu caso, eliminadas.

Desde a perspectiva administrativa, as subvencións son unha técnica de fomento de determinados comportamentos considerados de interese xeral e ata un procedemento de colaboración entre a Administración pública e os particulares para a xestión de actividades de interese público.

O Concello de Lalín ven de conceder subvencións mediante as correspondentes convocatorias públicas ou de xeito nominativo a través de concesión directa a favor de persoas, asociacións ou entidades coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social en base ao grado de interese ou utilidade cidadá dos seus fins, a súa capacidade económica autónoma e as axudas que reciban doutras entidades públicas ou privadas. A tal efecto, o orzamento municipal inclúe partidas destinadas a tal fin, e nas súas bases de execución establécense os criterios de distribución das mesmas

Existe unha gran diversidade de subvencións de distinta natureza, que se conceden mediante procedementos complexos, e, polo tanto, deben ser obxecto dun seguimento e control eficaces.

Configúrase así o plan estratéxico como o complemento necesario para articular a concesión de subvencións, con respecto aos principios de transparencia e equilibrio orzamentario.

CONTEXTO NORMATIVO.-

A xustificación da realización do Plan Estratéxico de Subvencións ten o seu fundamento no disposto, con carácter xeral, na exposición de motivos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS), e de forma específica no mandato establecido no artigo 8 da citada norma, nos artigos 10 e seguintes do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante RLXS).

O artigo 8.1 da LXS introduciu unha obriga para os órganos das Administracións Públicas e calesqueira entes públicos responsables da xestión de subvencións: elaborar un plan estratéxico de subvencións, no que deben concretarse os obxectivos e efectos pretendidos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos



Secretaría Xeral

previsibles e as súas fontes de financiamento, suxeitándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Igualmente o artigo 5.1 da Ley 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, que é de aplicación ás entidades locais de Galicia, recolle dita obriga.

O citado artigo 8.1 da LXS foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do RLXS establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para a súa aprobación, o seguimento que debe realizarse dos mesmos e os efectos do seu incumprimento, que aínda que non resulta aplicable aos Concellos, recolle algúns aspectos que poden ser tidos en conta.

Cabo destacar, respecto da importancia dos PES, que a xurisprudencia emanada do Tribunal Supremo, concretamente a Sentenza de 16 de abril de 2013, así como as Sentenzas de datas 26 de xuño e 4 de decembro de 2012, razoaron, en suma, que os plans estratéxicos de subvencións a que se refire o artigo 8.1 da LXS "teñen carácter previo ao establecemento de calquera subvención, constituíndo un requisito esencial cuxo cumprimento esixe que sexa formalizado externamente e cun contido que lle faga identificable como tal por reflectir polo menos aquilo a que alude o apartado 1 dese artigo 8. Plan ao que non equivale, como é obvio, a mera inclusión no Orzamento Municipal dunha partida destinada a facer efectivas as axudas de que se trata".

Segundo o artigo 11 do citado RLXS, os plans estratéxicos deberán axustarse, en todo caso, ás restricións que en orde ao cumprimento dos obxectivos de política económica e de estabilidade orzamentaria se determinen para cada exercicio. Conterán previsións para un período de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente.

De conformidade co anterior o PES deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se susciten deberán estar recollidas no PES municipal.

O Concello de Lalín elaborou e aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións para o ano 2016, que por decreto da Alcaldía de data 2 de xaneiro de 2017 foi prorrogado debido á prórroga do propio orzamento do ano 2016 para o ano 2017. Deste xeito, ao subvencións que se levan convocado e outorgado no que levamos do exercicio económico 2017 viñan recollidas no PES do ano 2016 prorrogado para o 2017.

O pasado día 3 de agosto de 2017 foi publicado no Boletín Oficial da Provincia o



Secretaría Xeral

anuncio de aprobación definitiva do orzamento municipal do Concello de Lalín para o ano 2017, polo que é preciso elaborar un novo PES para o ano 2017, adaptado ao novo orzamento aprobado.

Por todo elo, e debido ao avanzado do exercicio económico actual, o Concello de Lalín aproba o Plan Estratéxico de Subvencións para o ano 2017, cuxo articulado se desenvolve de seguido.

ARTIGO 1. ÁMBITO TEMPORAL.

O ámbito temporal do presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lalín propónse para o exercicio 2017 debido ao avanzado do exercicio económico actual.

ARTIGO 2. NATUREZA XURÍDICA.

O presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lalín é un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos nin obrigacións para a administración.

Por outra banda, os PES teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigacións; a súa efectividade quedará condicionada

A súa efectividade queda condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención atendendo, entre outros condicionantes, ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio e a cada unha das convocatorias.

ARTIGO 3. COMPETENCIA.

En cuanto ao órgano competente, ao non establecer os artigos 21 e 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, ningunha norma referente á atribución desta competencia, haberá que concluír que lle corresponde a quen teña a competencia residual, isto é, ao Alcalde.

Por decreto de data 29 de xuño de 2016 se dispuxo a delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local e dentro delas o desenvolvemento da xestión económica e financeira de acordo co orzamento aprobado, e tendo en conta que o Plan Estratéxico de Subvencións pode encadrarse neste apartado, corresponde a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.



ARTIGO 4. BENEFICIARIOS.

O Concello concederá subvencións a favor de persoas ou entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

ARTIGO 5. LIÑAS DE SUBVENCIÓN E OS SEUS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.

O presente PES do Concello de Lalín resulta de aplicación directa a todas as subvencións concedidas polo Concello mediante os seguintes procedementos de concesión de subvencións:

- Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.
- Subvencións nominativas previstas no orzamento.

Con carácter xeral, as subvencións concederanse en réxime de concorrencia competitiva; sen embargo, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nos orzamentos municipais.

As Liñas estratéxicas de actuación recollidas no presente Plan Estratéxico, no que se integran as subvencións do Concello de Lalín, son as seguintes:

- **Liña 1:** Fomento de actividades de carácter lúdico e de promoción do deporte, a cultura, as tradicións, a educación e a mocidade.
- **Liña 2:** Fomento dos intereses económicos que contribúan á consolidación e a creación de emprego.
- **Liña 3:** Cooperación, solidariedade e desenvolvemento humano.

As axudas a conceder por cada unha das liñas veñen recollidas no Anexo I deste documento.

5.1.- LIÑA 1. FOMENTO DE ACTIVIDADES DE CARÁCTER LÚDICO E DE



Secretaría Xeral

PROMOCIÓN DO DEPORTE, A CULTURA, AS TRADICIÓNS, O PATRIMONIO, A EDUCACIÓN E A MOCIDADE.-

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral, aos centros educativos de carácter público e ás asociacións de diferente índole existentes en Lalín, con fins de carácter lúdico, social, cultural, deportivo, xuvenil, educativo e de promoción das tradicións.

b) Obxectivos específicos:

- Fortalecer o movemento asociativo local nos seus diversos ámbitos de cultura, o patrimonio, o deporte ou calquera outra actividade sectorial, como forma de participación da cidadanía.

- Colaborar co movemento asociativo dos núcleos asociados na organización das festas parroquias dos seus ámbitos territoriais.

- Colaborar no desenvolvemento de actuacións que contribúan á realización efectiva do principio de igualdade entre mulleres e homes.

- Fomentar a participación dos mozos e das súas entidades sociais na dinámica sociocultural do municipio.

- Colaborar coas actividades complementarias que desenvolven os centros educativos de carácter público, as asociacións de pais e nais e outras entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades educativas.

- Apoiar o mantemento e funcionamento de aquelas asociacións para as que se prevén axudas nominativas no orzamento municipal.

- Fomentar a promoción do deporte federado das entidades deportivas.

c) Prazo de execución:


Convocatorias anuais.

d) Custos previsibles:

Os custos contemplados no Orzamento municipal para o exercicio 2017 ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias destinadas.

e) Fontes de financiamento:

O orzamento municipal, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan



Secretaría Xeral
de actuación e liñas específicas.

f) Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión realizarase con carácter xeral por concorrencia competitiva, e de xeito directo por razóns de interese público, social, económico ou humanitario para as entidades que figuran nominativamente no orzamento.

g) Plan de actuación:

O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica realizarase mediante a elaboración e aprobación polo órgano competente das correspondentes bases de convocatoria e/ou dos convenios de colaboración que poidan asinarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas, dando a correspondente publicidade a través da publicación no Boletín Oficial e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

5.2. LIÑA 2. SUBVENCIONS EN MATERIA DE FOMENTO DOS INTERESES ECONÓMICOS E QUE CONTRIBÚAN Á CONSOLIDACIÓN E CREACIÓN DE EMPREGO.-

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar o estímulo empresarial no término municipal, favorecendo a competitividade das empresas de Lalín, a creación, o mantemento do emprego e a mellora da cualificación profesional.

b) Obxectivos específicos:

- Apoiar o crecemento e consolidación de proxectos empresariais, xeradores e mantenedores de emprego e de poboación en Lalín.
- Apoiar as actividades desenvolvidas por agrupacións de empresarios e/ou comerciantes.
- Potenciar o mantemento de persoal cualificado a nivel académico de Lalín.

c) Prazo:

Convocatorias anuais.

d) Custos previsibles:



Os custos contemplados no Orzamento municipal para o exercicio 2017 ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias destinadas.

e) Fontes de financiamento:

O orzamento municipal, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas.

f) Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión realizarase con carácter xeral por concorrencia competitiva, e de xeito directo por razóns de interese público, social, económico ou humanitario para as entidades que figuran nominativamente no orzamento.

g) Plan de actuación:

O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración e aprobación polo órgano competente das correspondentes bases de convocatoria e/ou dos convenios de colaboración que poidan asinarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas, dando a correspondente publicidade a través da publicación no Boletín Oficial e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

5.3. LIÑA 3. SUBVENCIONES DE COOPERACIÓN, SOLIDARIEDADE E DESENVOLVEMENTO HUMANO.-

a) Obxectivo estratéxico:

Apoio ás persoas e colectivos máis desfavorecidos ou con máis dificultades, financiando iniciativas que axuden a diminuír as desigualdades e a incrementar e contribuír a mellorar as súas condicións de vida mediante axudas económicas a proxectos de solidariedade.

b) Obxectivos específicos:

- Atender situacións de urxencia a través de axudas económicas.
- Contribuír ao fomento da igualdade de oportunidades de aquelas persoas ou colectivos máis desfavorecidos ou con maiores dificultades.



Secretaría Xeral

c) Prazo:

Convocatorias anuais.

d) Custos previsibles:

Os custos contemplados no Orzamento municipal para o exercicio 2017 ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias destinadas.

e) Fontes de financiamento:

O orzamento municipal, de acordo coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas.

f) Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión realizarase con carácter xeral por concorrencia competitiva, e de xeito directo por razóns de interese público, social, económico ou humanitario para as entidades que figuran nominativamente no orzamento.

g) Plan de actuación:

O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración e aprobación polo órgano competente das correspondentes bases de convocatoria e/ou dos convenios de colaboración que poidan asinarse para regular o otorgamiento de subvencións nominativas, dando a correspondente publicidade a través da publicación no Boletín Oficial e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

ARTIGO 6. PRAZOS DE EXECUCIÓN.

Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período elixible a efectos de xustificación o ano natural.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período elixible, deberase recoller nas correspondentes bases de convocatoria ou convenios reguladores.

ARTIGO 7. FINANCIAMENTO.

A efectividade das liñas de axudas e subvencións incluídas no presente Plan,



Secretaría Xeral

quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento para o exercicio 2017, sen prexuízo das correspondentes modificacións orzamentarias que, no seu caso, se deban realizar.

Previo á concesión de calquera tipo de subvención procederase á tramitación da autorización do gasto correspondente.

ARTIGO 8. PAGO ANTICIPADO DAS SUBVENCIONES CONCEDIDAS.

O artigo 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia establece que *“Tamén se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente nas bases reguladoras da subvención”*.

Deste xeito, as bases ou convenios reguladores das diferentes convocatorias, en función das necesidades de financiamento, do tipo de proxecto a subvencionar e dos principios de eficacia e eficiencia que deben rexer toda actuación pública, poderán establecer, de forma motivada, a posibilidade de pagos anticipados.

ARTIGO 9. CONTROL E SEGUIMIENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONES.

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lalín realizarase, de forma anual, en dous aspectos:

- Control económico - financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á Intervención do Concello de Lalín, que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente.
- Control e seguimento do Plan, que será recompilado pola Intervención municipal, para o que, cada un dos Servizos que actúen de órganos instrutores do procedemento de concesión das subvencións, procederán, previa solicitude de dito servizo, a remitirlle memoria de avaliación no primeiro cuadrimestre do exercicio seguinte.

ARTIGO 10. TRANSPARENCIA.

Todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lalín, na Base de Datos Nacional de Subvencións e, no seu caso, no Boletín Oficial da Provincia, indicando o beneficiario, a contía concedida, o proxecto ou



Secretaría Xeral

acción á que vai destinada así como calquera outra información requirida na BDNS.

ARTIGO 11. MODIFICACIÓN DO PLAN.

Este Plan pode ser revisado e/ou modificado de xeito debidamente xustificado co obxecto de:

- Modificar ou actualizar as liñas de subvención que poidan perder a súa eficacia ou prioridade.
- Modificar os importes previstos para as mesmas.
- Incluír novas liñas de actuación non previstas no mesmo que se consideren necesarias por razóns de utilidade pública.



PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONES CONCELLO DE LALÍN 2017


ANEXO I

AXUDAS LIÑA 1 FOMENTO DE ACTIVIDADES DE CARÁCTER LÚDICO E DE PROMOCIÓN DO DEPORTE, A CULTURA, AS TRADICIÓN, O PATRIMONIO, A EDUCACIÓN E A MOCIDADE					
ÁREA	DENOMINACIÓN	DESCRIPCIÓN	MODO DE CONCESIÓN	PARTIDA ORZAMENTARIA	IMPORTE
IG	Premios do XIV Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata” e VI Concurso de Tuits contra a Violencia de Xénero.	<p>Prémianse as cartas que seleccione o xurado como gañadoras relacionadas coa problemática da violencia de xénero nas súas diferentes manifestacións física, psicolóxica, sexual, económica, estrutural, así coma os efectos e consecuencias da mesma.</p> <p>Con motivo do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o Concurso de Tuits contra a violencia de xénero ten por finalidade incrementar a concienciación e sensibilidade da sociedade ante esta gran lacra social.</p>	Concorrencia competitiva	2312.481.00	540,20 €
TUR	Premio de periodismo gastronómico Álvaro Cunqueiro	Premio que trata de recoñecer e fomentar a difusión da cociña galega, en xeral e o labor realizado por xornalistas e escritores que prestaron especial atención a dito tema	Concorrencia competitiva	334.481.00	5.000,00 €
CULT	Premios de pintura escolar Mestre Laxeiro	Premio que trata de promover a creatividade e fomentar o gusto pola pintura entre os escolares dos centros educativos de Lalín	Concorrencia competitiva	334.481.00	1.740,00 €



CULT	Subvencións para a realización de actividades culturais	Axudas destinadas a financiar programas de actividades de carácter cultural promovidas por asociacións, centros educativos de carácter público e ANPAS.	Concorrenza competitiva	334.489.00	10.000,00 €
TUR	Concesión de premios do Concurso de carrozas da XLIXª Feira do Cocido de Lalín	Premios ás mellores carrozas que participen no desfile da XLIXª Feira do Cocido de Lalín	Concorrenza competitiva	338.481.00	3.000,00 €
CULT	Premio do Concurso de disfraces de Entroido 2017	Premios os disfraces que se presenten ao Concurso do Entroido 2017	Concorrenza competitiva	338.481.00	1.000,00 €
FSTS	Subvención para a celebración das festas de Lalín 2017. Asociación Cultural Virxe das Dores	Subvención para a celebración das festas parroquiais de Lalín 2017.	Subvención nominativa	338.489.01	50.000,00 €
FSTS	Subvencións para a celebración de festas parroquiais para o ano 2017.	Subvención para a celebración das festas nas distintas parroquias de Lalín 2017.	Concorrenza competitiva	338.489.02	11.000,00 €
EMP	Subvención para a celebración da cabalgata de Reis. Agrupación de voluntarios de Protección Civil de Lalín	Subvención para a organización e celebración da cabalgata de Reis o día 5 de xaneiro de 2018	Subvención nominativa	338.489.15	8.000,00 €
DP	Subvencións a clubs deportivos organizadores de eventos deportivos	Axudas aos clubs deportivos de Lalín organizadores de eventos coa aportación de trofeos e medallas para ditos eventos	Concesión directa	341.481.00	2.000,00 €
DP	Subvencións para a promoción e o fomento da práctica do deporte	Subvencións a clubs deportivos de Lalín para participación en competicións e desenvolvemento de actividades deportivas e apoio ao deporte base	Concorrenza competitiva	341.489.13 341.489.19	20.000,00 € 50.000,00 €
DP	Subvención para a celebración do XXIII Rallye do Cocido. Escudería Lalín Deza	Subvención para a celebración do XXIII Rallye do Cocido, proba puntuable para o Campionato Galego de Rallies, que transcorre polo termo municipal de Lalín	Subvención nominativa	341.489.12	8.000,00 €





Lalín Muncero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

CULT	Subvencións para bandas de música	Axudas destinadas ao mantemento das bandas de música e á adquisición de elementos necesarios para o seu funcionamento	Concorrenza competitiva	334.489.30 334.780.07	25.000,00 € 37.000,00 €
URB	Concurso de fotografía dixital "Roteiros de Lalín"	Concurso que ten por finalidade difundir o programa "Roteiros de Lalín" e no que se premian as fotografías que mellor representen os valores medioambientais, paisaxísticos, patrimoniais, arqueolóxicos, históricos, etc, de Lalín que se trata de potenciar co programa.	Concorrenza competitiva	432.481.00	1.331,00 €
URB	Subvención para obras de reparación da Igrexa Parroquial de Vilatuxe	Axudas destinadas á realización de diversas obras de reparación e mantemento da Igrexa Parroquial de Vilatuxe.	Subvención nominativa	336.780.06	7.000,00 €



Secretaría Xeral

Premios do XIV Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata” e VI Concurso de Tuits contra a Violencia de Xénero.	
Centro Xestor	Departamento de Igualdade
Liña de subvención	Liña 1
Aplicación orzamentaria	2312.481.00
Área de Competencia	Igualdade
Obxectivos	Promover a reflexión sobre a problemática da violencia de xénero nas súas diferentes manifestacións física, psicolóxica, sexual, económica, estrutural, así coma os efectos e consecuencias da mesma. Con motivo do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, convoca o V Concurso de Tuits contra a violencia de xénero que ten por finalidade incrementar a concienciación e sensibilidade da sociedade ante esta gran lacra social.
Beneficiarios	Público en xeral
Modalidade de concesión	Concorrenza competitiva
Prazo	Convocatoria anual
Importe	540,20 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos nas bases reguladoras aprobadas a tal efecto.

Premio de periodismo gastronómico Álvaro Cunqueiro	
Centro Xestor	Departamento de Turismo
Liña de subvención	Liña 1
Aplicación orzamentaria	334.481.00
Área de Competencia	Cultura
Obxectivos	Fomentar a difusión da cociña galega, en xeral, e premiar o labor realizado por xornalistas e escritores que prestaron especial atención a devandito tema.
Beneficiarios	Xornalistas, escritores e particulares así como estudantes de Xornalismo, Publicidade e Comunicación Audiovisual que presenten os seus traballos académicos relacionados coa gastronomía.
Modalidade de concesión	Concorrenza competitiva
Prazo	Convocatoria anual
Importe	5.000,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos nas bases reguladoras aprobadas a tal efecto.



Secretaría Xeral

Premios de pintura escolar Mestre Laxeiro	
Centro Xestor	Departamento de Cultura
Liña de subvención	Liña 1
Aplicación orzamentaria	334.481.00
Área de Competencia	Cultura
Obxectivos	Premiar e promover a creatividade e fomentar o gusto pola pintura entre os escolares dos centros educativos de Lalín.
Beneficiarios	Escolares dos centros educativos de Lalín.
Modalidade de concesión	Concorrenza competitiva
Prazo	Convocatoria anual
Importe	1.740,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos nas bases reguladoras aprobadas a tal efecto.

Subvencións para a realización de actividades culturais	
Centro Xestor	Departamento de Cultura
Liña de subvención	Liña 1
Aplicación orzamentaria	334.489.00
Área de Competencia	Cultura
Obxectivos	Axudas destinadas a financiar programas de actividades de carácter cultural promovidas por asociacións, centros educativos de carácter público e ANPAS.
Beneficiarios	Asociacións que desenvolvan actividades de tipo cultural, centros educativos públicos e ANPAS.
Modalidade de concesión	Concorrenza competitiva
Prazo	Convocatoria anual
Importe	10.000,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos nas bases reguladoras aprobadas a tal efecto



Secretaría Xeral

Concesión de premios do Concurso de carrozas da XLIX Feira do Cocido de Lalín

Centro Xestor	Departamento de Turismo
Liña de subvención	Liña 1
Aplicación orzamentaria	338.481.00
Área de Competencia	Turismo
Obxectivos	Premiar as carrozas que participen no concurso da XLIX Feira do Cocido de Lalín.
Beneficiarios	Carrozas participantes e público en xeral.
Modalidade de concesión	Concorrenza competitiva
Prazo	Convocatoria anual
Importe	3.000,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos nas bases reguladoras aprobadas a tal efecto

Premio do Concurso de disfraces de Entroido 2017

Centro Xestor	Departamento de Cultura
Liña de subvención	Liña 1
Aplicación orzamentaria	338.481.00
Área de Competencia	Festas
Obxectivos	Premiar os disfraces que se presenten ao Concurso do Entroido 2017
Beneficiarios	Persoas individuais e grupos participantes no concurso.
Modalidade de concesión	Concorrenza competitiva
Prazo	Convocatoria anual
Importe	1.000,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos nas bases reguladoras aprobadas a tal efecto.



Subvención para a celebración das festas de Lalín 2017. Asociación Cultural Virxe das Dores.

Centro Xestor	Departamento de Festas
Liña de subvención	Liña 1
Aplicación orzamentaria	338.489.01
Área de Competencia	Festas
Obxectivos	Subvención para a celebración das festas parroquiais de Lalín 2017.
Beneficiarios	Asociación Cultural Virxe das Dores
Modalidade de concesión	Subvención nominativa
Prazo	Convocatoria anual
Importe	50.000,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos no convenio de colaboración que se asinará ao efecto.

Subvencións para a celebración de festas parroquiais para o ano 2017.

Centro Xestor	Departamento de Festas
Liña de subvención	Liña 1
Aplicación orzamentaria	338.489.02
Área de Competencia	Festas
Obxectivos	Subvención para a celebración das festas nas distintas parroquias de Lalín 2017.
Beneficiarios	Asociacións e comisións de festas das parroquias do Concello de Lalín
Modalidade de concesión	Concorrenza competitiva
Prazo	Convocatoria anual
Importe	11.000,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos nas bases reguladoras aprobadas a tal efecto.



Subvención para a celebración da cabalgata de Reis. Agrupación de voluntarios de Protección Civil de Lalín.	
Centro Xestor	Departamento de Emprego e Comercio
Liña de subvención	Liña 1
Aplicación orzamentaria	338.489.15
Área de Competencia	Comercio
Obxectivos	Subvención para a organización e celebración da cabalgata de Reis.
Beneficiarios	Agrupación de voluntarios de Protección Civil de Lalín
Modalidade de concesión	Subvención nominativa
Prazo	Convocatoria anual
Importe	8.000,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos no convenio de colaboración que se asinará ao efecto

Subvencións a clubs deportivos organizadores de eventos deportivos.	
Centro Xestor	Departamento de deportes
Liña de subvención	Liña 1
Aplicación orzamentaria	341.481.00
Área de Competencia	Deportes
Obxectivos	Axudas aos clubs deportivos de Lalín organizadores de eventos coa achega de trofeos e medallas para ditos eventos
Beneficiarios	Clubs deportivos de Lalín.
Modalidade de concesión	Concesión directa.
Prazo	Convocatoria anual
Importe	2.000,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos nos convenios de colaboración que se asinarán ao efecto



Subvencións para a promoción e o fomento da práctica do deporte.

Centro Xestor	Departamento de Deportes
Liña de subvención	Liña 1
Aplicacións orzamentarias	341.489.13 341.489.19
Área de Competencia	Deportes
Obxectivos	Subvencións a clubs deportivos de Lalín para participación en competicións e desenvolvemento de actividades deportivas e apoio ao deporte base.
Beneficiarios	Clubs deportivos de Lalín e persoas físicas empadroadas en Lalín con relevancia no mundo do deporte.
Modalidade de concesión	Concorrenza competitiva
Prazo	Convocatoria anual
Importe	20.000,00 € 50.000,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos nas bases reguladoras aprobadas a tal efecto.

Subvención para a celebración do XXIII Rallye do Cocido. Escudería Lalín Deza

Centro Xestor	Departamento de Deportes
Liña de subvención	Liña 1
Aplicación orzamentaria	341.489.12
Área de Competencia	Deportes
Obxectivos	Subvención para a celebración do XXIII Rallye do Cocido, proba puntuable para o Campionato Galego de Rallies, que transcorre polo termo municipal de Lalín
Beneficiarios	Escudería Lalín Deza
Modalidade de concesión	Subvención nominativa
Prazo	Convocatoria anual
Importe	8.000,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos no convenio de colaboración que se asinará ao efecto.



Subvencións para bandas de música	
Centro Xestor	Departamento de Cultura
Liña de subvención	Liña 1
Aplicación orzamentaria	334.489.30 334.780.07
Área de Competencia	Cultura
Obxectivos	Axudas destinadas ao mantemento das bandas de música e á adquisición de elementos necesarios para o seu funcionamento
Beneficiarios	Bandas de músicas das constituídas no Concello de Lalín
Modalidade de concesión	Concurrencia competitiva
Prazo	Convocatoria anual
Importe	25.000,00 € (mantemento) 37.000,00 € (investimentos)
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos nas bases reguladoras aprobadas a tal efecto.

Concurso de fotografía dixital "Roteiros de Lalín"	
Centro Xestor	Departamento de Urbanismo
Liña de subvención	Liña 1
Aplicación orzamentaria	432.481.00
Área de Competencia	Urbanismo
Obxectivos	Concurso que ten por finalidade difundir o programa "Roteiros de Lalín e no que se premian as fotografías que mellor representen os valores medioambientais, paisaxísticos, patrimoniais, arqueolóxicos, históricos, etc, de Lalín que se trata de potenciar co programa.
Beneficiarios	Público en xeral.
Modalidade de concesión	Concurrencia competitiva
Prazo	Convocatoria anual
Importe	1.331,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos nas bases reguladoras aprobadas a tal efecto.



Subvención para obras de reparación da Igrexa Parroquial de Vilatuxe

Centro Xestor	Departamento de Urbanismo
Liña de subvención	Liña 1
Aplicación orzamentaria	336.780.06
Área de Competencia	Urbanismo
Obxectivos	Axudas destinadas á realización de diversas obras de reparación e mantemento da Igrexa Parroquial de Vilatuxe.
Beneficiarios	Bispado de Lugo
Modalidade de concesión	Subvención nominativa
Prazo	Convocatoria anual
Importe	7.000,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos no convenio de colaboración que se asinará ao efecto.



AXUDAS LIÑA 2 SUBVENCIONS EN MATERIA DE FOMENTO DOS INTERESES ECONÓMICOS E QUE CONTRIBÚAN Á CONSOLIDACIÓN E CREACIÓN DE EMPREGO					
ÁREA	DENOMINACIÓN	DESCRICIÓN	MODO DE CONCESIÓN	PARTIDA ORZAMENTARIA	IMPORTE
IG	Premio á muller empresaria D ^a . Maruja Gutiérrez	Dar visibilidade e distinguir a profesionalidade, a capacidade de iniciativa empresarial e a traxectoria persoal e social da muller lalinense no 2016.	Concorrenza competitiva	2312.481.00	459,80 €
AGR	Concesión de Premios da XXXIII Edición de Feiradeza e XXIII Concurso de gando frisón	Prémianse os mellores exemplares de gando vacuno presentados a concurso de distintas categorías	Concorrenza competitiva	4311.481.00	10.000,00 €
AGR	Asociación Cabaleiros do Lalín	Axuda económica para o desenvolvemento da XXIX Feira do Cabalo.	Subvención nominativa	4311.489.28	16.000,00 €
COM	Centro Comercial Aberto de Lalín-AEDEZA	Axuda económica para o desenvolvemento do Plan Estratéxico de Comercio e actividades de dinamización comercial	Subvención nominativa	4311.479.01	35.000,00 €
COM	Asociación de profesionais da Praza de Abastos de Lalín	Axuda económica para o desenvolvemento de actividades de dinamización do comercio na Praza de Abastos	Subvención nominativa	4312.479.02	3.000,00 €
EMP	Programa de axudas municipais para a creación de emprego	Fortalecer o tecido empresarial local a través do fomento do emprendemento entre persoas desempregadas.	Concorrenza competitiva	241.470.01	26.000,00 €
EMP	Becas DUSI. Plan Talento	Concesión de becas a titulados para potenciar o mantemento de persoal cualificado en Lalín	Concorrenza competitiva	326.481.01	12.000,00 €



Secretaría Xeral

Premio á muller empresaria D^a. Maruja Gutiérrez	
Centro Xestor	Departamento de Igualdade
Liña de subvención	Liña 2
Aplicación orzamentaria	2312.481.00
Área de Competencia	Igualdade
Obxectivos	Visibilizar e distinguir a profesionalidade, a capacidade de iniciativa empresarial e a traxectoria persoal e social da muller lalinense no 2016.
Beneficiarios	Mulleres empresarias
Modalidade de concesión	Concorrenza competitiva
Prazo	Convocatoria anual
Importe	459,80 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos nas bases reguladoras aprobadas a tal efecto

Premios da XXXIII Edición de Feiradeza e XXIII Concurso de gando frisón	
Centro Xestor	Departamento de Actividade e Produción Agrogandeira.
Liña de subvención	Liña 2
Aplicación orzamentaria	4311.481.00
Área de Competencia	Actividade e Produción Agrogandeira.
Obxectivos	Axuda económica para a XXXIII Edición de Feiradeza e XXIII Concurso de gando frisón
Beneficiarios	Gandeiros
Modalidade de concesión	Concorrenza competitiva
Prazo	Convocatoria anual
Importe	10.000,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos nas bases reguladoras aprobadas a tal efecto



XXIX Feira do Cabalo. Asociación Cabaleiros do Lalín.	
Centro Xestor	Departamento de Actividade e Produción Agrogandeira.
Liña de subvención	Liña 2
Aplicación orzamentaria	4311.489.28
Área de Competencia	Feiras
Obxectivos	Axuda económica para o desenvolvemento da XXIX Feira do Cabalo.
Beneficiarios	Asociación Cabaleiros do Lalín
Modalidade de concesión	Subvención nominativa
Prazo	Convocatoria anual
Importe	16.000,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos no convenio de colaboración que se asinará ao efecto


Subvención ao Centro Comercial Aberto de Lalín-AEDEZA.	
Centro Xestor	Departamento de Comercio
Liña de subvención	Liña 2
Aplicación orzamentaria	4311.479.01
Área de Competencia	Comercio
Obxectivos	Axuda económica para o desenvolvemento do Plan Estratéxico de Comercio e actividades de dinamización comercial
Beneficiarios	Centro Comercial Aberto de Lalín-AEDEZA
Modalidade de concesión	Subvención nominativa
Prazo	Convocatoria anual
Importe	35.000,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos no convenio de colaboración que se asinará ao efecto



Asociación de profesionais da Praza de Abastos de Lalín.	
Centro Xestor	Departamento de Comercio
Liña de subvención	Liña 2
Aplicación orzamentaria	4312.479.02
Área de Competencia	Mercados
Obxectivos	Axuda económica para o desenvolvemento de actividades de dinamización do comercio na Praza de Abastos
Beneficiarios	Asociación de profesionais da Praza de Abastos de Lalín.
Modalidade de concesión	Subvención nominativa
Prazo	Convocatoria anual
Importe	3.000,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos no convenio de colaboración que se asinará ao efecto.

Programa de axudas municipais para a creación de emprego	
Centro Xestor	Departamento de Emprego
Liña de subvención	Liña 2
Aplicación orzamentaria	241.470.01
Área de Competencia	Emprego
Obxectivos	Fortalecer o tecido empresarial local a través do fomento do emprendemento entre persoas desempregadas.
Beneficiarios	EMPRENDEDORES.-Desempregados que creen o seu proxecto empresarial.
Modalidade de concesión	Concorrenza competitiva
Prazo	Convocatoria anual
Importe	26.000,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos nas bases reguladoras aprobadas a tal efecto





Lalínmcero

Secretaría Xeral




Concello de Lalín

Becas DUSI. Plan Talento.	
Centro Xestor	Departamento de Emprego
Liña de subvención	Liña 2
Aplicación orzamentaria	326.481.01
Área de Competencia	Emprego
Obxectivos	Concesión de becas a titulados para potenciar o mantemento de persoal cualificado en Lalín
Beneficiarios	Mozos e mozas de Lalín titulados universitarios ou con ciclos formativos
Modalidade de concesión	Concorrencia competitiva.
Prazo	Convocatoria anual
Importe	12.000,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos nas bases reguladoras aprobadas a tal efecto.



AXUDAS LIÑA 3 SUBVENCIONS DE COOPERACION, SOLIDARIEDADE E DESENVOLVEMENTO HUMANO					
ÁREA	DENOMINACIÓN	FINALIDADE	MODO DE CONCESIÓN	PARTIDAS ORZAMENTARIAS	IMPORTE
BS	Axudas de inclusión social	Prestacións económicas non periódicas que teñen como finalidade posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas ou familias en situación ou risco de exclusión social, así como atender as situacións de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión social.	Axudas directas	231.780.00 2311.780.00 231.480.00 2311.480.00	2.000,00 € 1.000,00 € 6.000,00 € 10.000,00 €
BS	Subvención á Asociación de pais e nais de dismuniúdos psíquicos de Deza (ASPADEZA) para levar a cabo un programa de actuacións conxuntas en materia de atención a persoas con discapacidade psíquica no Concello de Lalín.	Promover a integración do colectivo obxecto de intervención, realizando, tarefas de mantemento das instalacións do centro ocupacional e outras actividades externas para a súa integración social.	Subvención nominativa	231.489.11	10.000,00 €
BS	Subvención á Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias da provincia de Pontevedra (AFAPO) para levar a cabo un programa integral a persoas con Alzheimer e familias cuidadoras no Concello de Lalín	Desenvolver no Concello de Lalín un programa integral de atención a persoas con Alzheimer e familias cuidadoras	Subvención nominativa	231.489.23	5.120,00 €
BS	Subvencións a Asociacións con programas de integración social	Concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades no ano 2106, que beneficien a colectivos de persoas que se encontren en situación de desvantaxe do termo municipal de Lalín.	Concorrenza Competitiva	231.489.26	15.000,00 €





Lalín muncero


Secretaría Xeral



Concello de Lalín

IG	Subvencións para a realización de actividades polas asociacións de mulleres de Concello de Lalín	Realizar actividades que contribúan á realización efectiva do principio de igualdade entre mulleres e homes e co finde apoiar e consolidar a rede asociativa de mulleres do concello de Lalín, como espazo de participación social.	Concurrencia competitiva	2312.489.27	10.000,00 €
ED	Bolsas complementarias ao estudo para os alumnos de centros docentes públicos e privados concertado de educación infantil, educación primaria e educación secundaria do Concello de Lalín para o curso 2016-2017	Concesión de bolsas complementarias ao estudo para os alumnos de centros docentes públicos e privados concertado de educación infantil, primaria e secundaria do Concello de Lalín para o curso 2016-2017, co fin de prestar apoio a aquelas unidade familiares con insuficiencia de recursos económicos	Concurrencia competitiva	326.481.00	18.000,00 €
ED	Programa de Transporte de Estudiantes.	Concesión de bonificacións do uso do transporte por estudantes residentes en Lalín.	Concurrencia competitiva	326.489.20 326.489.21	9.300,00 € 4.200,00 €
BS	Subvención Asociación Solidariade Galega co pobo Saharai.	Colaborar coa asociación para trasladar a nenos/as saharauis, procedentes dos campamentos de refuxiados saharauis en Tindouf (Alxeria), para pasar dous meses de verán acollidos por familias acolledoras en concellos de Galicia, entre eles, o Concello de Lalín.	Subvención nominativa	231.489.29	1.500,00 €





Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

Axudas de Inclusión social	
Centro Xestor	Departamento de Benestar Social
Liña de subvención	Liña 3
Aplicación orzamentaria	231.780.00 2311.780.00 231.480.00 2311.480.00.
Área de Competencia	Benestar Social
Obxectivos	Prestacións económicas non periódicas que teñen como finalidade posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas ou familias en situación ou risco de exclusión social, así como atender as situacións de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión social.
Beneficiarios	Persoas ou familias en situación ou risco de exclusión social.
Modalidade de concesión	Axudas directas
Prazo	Convocatoria anual
Importe	2.000,00 € 1.000,00 € 10.000,00 € 6.000,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Segundo lexislación sectorial aplicable.



Secretaría Xeral

Subvención á Asociación de pais e nais de diminuídos psíquicos de Deza (ASPADEZA) para levar a cabo un programa de actuacións conxuntas en materia de atención ás persoas con discapacidade psíquica no Concello de Lalín.	
Centro Xestor	Departamento de Benestar Social
Liña de subvención	Liña 3
Aplicación orzamentaria	231.489.11
Área de Competencia	Benestar social
Obxectivos	Promover a integración do colectivo obxecto de intervención, realizando, tarefas de mantemento das instalacións do centro ocupacional e outras actividades externas para a súa integración social.
Beneficiarios	Asociación de pais e nais de diminuídos psíquicos de Deza e persoas con discapacidade psíquica.
Modalidade de concesión	Subvención nominativa
Prazo	Convocatoria anual
Importe	10.000, 00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos no convenio de colaboración que se asinará ao efecto

Subvención á Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias da provincia de Pontevedra (AFAPO) para levar a cabo un programa integral a persoas con Alzheimer e familias cuidadoras no Concello de Lalín.	
Centro Xestor	Departamento de Benestar Social.
Liña de subvención	Liña 3
Aplicación orzamentaria	231.489.23
Área de Competencia	Benestar Social.
Obxectivos	Desenvolver no Concello de Lalín un programa integral de atención a persoas con Alzheimer e familias cuidadoras.
Beneficiarios	Persoas con Alzheimer e familias cuidadoras.
Modalidade de concesión	Subvención nominativa
Prazo	Convocatoria anual
Importe	5.120,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos no convenio de colaboración que se asinará ao efecto




Subvencións a Asociacións con programas de integración social.	
Centro Xestor	Departamento de Benestar Social
Liña de subvención	Liña 3
Aplicación orzamentaria	231.489.26
Área de Competencia	Benestar Social
Obxectivos	Concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades no ano 2107, que beneficien a colectivos de persoas que se encontren en situación de desvantaxe do termo municipal de Lalín.
Beneficiarios	Entidade sen ánimo de lucro que realicen actividades de servizos sociais.
Modalidade de concesión	Concorrenza competitiva
Prazo	Convocatoria anual
Importe	15.000,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos nas bases reguladoras aprobadas a tal efecto

Subvencións para a realización de actividades polas asociacións de mulleres de Concello de Lalín.	
Centro Xestor	CIM
Liña de subvención	Liña 3
Aplicación orzamentaria	2312.489.27
Área de Competencia	Igualdade
Obxectivos	Realizar actividades que contribúan á realización efectiva do principio de igualdade entre mulleres e homes e co fin de apoiar e consolidar a rede asociativa de mulleres do concello de Lalín, como espazo de participación social.
Beneficiarios	Asociacións de mulleres do Concello de Lalín.
Modalidade de concesión	Concorrenza competitiva
Prazo	Convocatoria anual
Importe	10.000,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos nas bases reguladoras aprobadas a tal efecto.



Bolsas complementarias ao estudo para os alumnos de centros docentes públicos e privados concertado de educación infantil, educación primaria e educación secundaria do Concello de Lalín para o curso 2017-2018.	
Centro Xestor	Departamento de Benestar Social
Liña de subvención	Liña 3
Aplicación orzamentaria	326.481.00
Área de Competencia	Educación
Obxectivos	Concesión de bolsas complementarias ao estudo para os alumnos de centros docentes públicos e/ou privados concertados de educación infantil, primaria e secundaria do Concello de Lalín para o curso 2017-2018 co fin de prestar apoio a aquelas unidade familiares con insuficiencia de recursos económicos.
Beneficiarios	Alumnos de centros docentes públicos e/ou privados concertado de educación infantil, primaria e secundaria do Concello de Lalín.
Modalidade de concesión	Concorrenza competitiva
Prazo	Convocatoria anual
Importe	18.000,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos nas bases reguladoras aprobadas a tal efecto





Lalínkercero



Concello de Lalín

Secretaría Xeral


Programa de Transporte de Estudiantes

Centro Xestor	Departamento de Benestar Social
Liña de subvención	Liña 3
Aplicación orzamentaria	326.489.20 326.489.21
Área de Competencia	Benestar Social
Obxectivos	Concesión de bonificación do uso do transporte por estudantes residentes en Lalín
Beneficiarios	Estudantes residentes e empadroados no Concello de Lalín que cursen estudos en algunha das cidades universitarias de Galicia.
Modalidade de concesión	Concurrencia competitiva
Prazo	Convocatoria anual
Importe	9.300,00 € 4.200,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos nas bases reguladoras aprobadas a tal efecto.

Subvención Asociación Solidariedade Galega con pobo Saharaui

Centro Xestor	Departamento de Benestar Social
Liña de subvención	Liña 3
Aplicación orzamentaria	231.489.29
Área de Competencia	Benestar Social
Obxectivos	Colaborar coa asociación para trasladar a nenos/as saharauis, procedentes dos campamentos de refuxiados saharauis en Tindouf (Alxeria), para pasar dous meses de verán acollidos por familias acolledoras en concellos de Galicia, entre eles, o Concello de Lalín.
Beneficiarios	Asociación Solidariedade Galega co pobo Saharaui.
Modalidade de concesión	Subvención nominativa
Prazo	Convocatoria anual
Importe	1.500,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos no convenio de colaboración que se asinará ao efecto.





Lalín Muncero



Concello de Lalín

Secretaría Xeral
O Alcalde,
Rafael Cuíña Aparicio.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

L

K

M

O